

CONCELLO DE OUTES

Nº Expte.: **IN408A 2020/028**Denominación do proxecto: **Parque Eólico O VAO**Solicitante/Promotor: **GREEN CAPITAL DEVELOPMENT XXIV, SLU**Situación: Concellos de **Mazaricos e Outes** (A Coruña)Asunto: Remisión da documentación do proxecto referenciado **para a súa exposición pública**

Achegase a documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través do seu correspondente enlace, para os efectos da súa **exposición pública** no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta** (30) días que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo no DOG, que será previsiblemente o próximo 4 de xullo Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar **no portal web** da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

ACORDO do 7 de xullo de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) (PIA) do proxecto do parque eólico O Vao, nos concellos de Outes e Mazaricos (A Coruña) (expediente IN408A 2020/028).

<http://descargas.xunta.es/53422ea9-96a9-4436-9658-af308be9d9ff1657192357790>

Documentación Técnica do Proxecto:

- **Proxecto Execución** (maio 2022 - vsdo19/05/2022):
<http://descargas.xunta.es/294a1872-9cfc-4c19-adb7-0dd0593184441657110067814>
- **Plano Xeral do proxecto do Parque Eólico:**
<http://descargas.xunta.es/e0a23fec-e0e4-4f3a-911e-1b293ace1c161657110451845>
- **Estudo de Impacto Ambiental** (EIA) (febreiro 2022 - asdo 21/02/2022)
<http://descargas.xunta.es/09f57855-8b09-44e2-9492-2eb11d3b870e1657109807968>
- **Proxecto Sectorial** (PIA) (marzo 2022-vsdo 22/03/22):
<http://descargas.xunta.es/58802185-8fa5-4298-98f7-5158dd1b79001657109969666>

Xefatura Territorial
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar- 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal





Así mesmo, esta exposición faise co fin de **cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello**.

Rematado este prazo, **deberá remitir** a esta Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:

- ✓ **A exposición pública, especificando toda a documentación** anteriormente relacionada, así como indicar se houbo ou non **alegacións** e, de ser o caso, **relacionais na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctricas; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital
O xefe do Servizo de Enerxía e Minas
Juan José Iglesias Suárez

